ACTIVIDADE 1:

"A nosa vida sería esgotadora e dificilísima se constantemente tiveramos que estar pensando e decidindo acerca de cada un dos nosos actos inconscientes (unha sístole do músculo cardíaco, a aceleración do ritmo respiratorio ao descender o nivel de osíxeno no sangue, etc.) Afortunadamente non temos que pensar niso. A nosa herdanza biolóxica basta para que "saibamos" o que facer en cada caso.

Igualmete, a nosa vida sería abrumadoramente complicada se tiveramos que reflexionar e decidir acerca de cada un dos nosos actos conscientes. A cultura simplifícanos e facilítanos a vida, proporciónanos pautas e moldes xa establecidos de acción, listos para ser usados en calquera acordo. Diversas institucións culturais dícennos como comer, como vestirnos, como viaxar, como despedirnos, etc."

J. Mosterín; *Racionalidade e acción humana*; Madrid, Alianza, 1978, px. 96

Responde, a partir do texto, ás seguintes cuestións:

1. Cal é a idea principal do texto?
2. Define o concepto "cultura" e explica cal é o seu contido ilustrándoo con exemplos concretos
3.Explica o sentido da seguinte afirmación: "A cultura sustitúe no comportamento humano aos cromosomas"

ACTIVIDADE 2:

"A socialización é un proceso mediante o cal a o individuo é absorbido pola cultura da súa sociedade e incorporado a ela como membro constituínte seu. Fundamentalmente, a socialización consiste nunha aprendizaxe; grazas a ela o individuo aprende a daptarse aos seus grupos e a facer súas as súas normas, imaxes e valores. Trátase dun proceso de aprendizaxe de conduta así como de ideas e crenzas que ao fin hanse plasmar na conduta. Como proceso é permanente, pois dura toda a vida do individuo e é perenne na sociedade"

Salvador Giner, *Socioloxía,* ed. Península, Barcelona, 1996, px. 87

Responde, a partir do texto, ás seguintes cuestións:

1. Que se entende por socialización?
2. Socialización e o mesmo que enculturación?
3. Segundo o texto, trátase dun proceso permanente; en que sentido? É igualmente intenso e consciente en todas as etapas da vida do individuo?
4. A aprendizaxe das pautas culturais (normas, imaxes, valores, etc.) nunca é completa dunha xeración a outra? Por que? Cal é a consecuencia?

ACTIVIDADE 3:

"Pitt-Rivers e outros antropólogos evolucionistas do século XIX responderían que, en calquera altura da historia, as diversas sociedades espalladas polo planeta reflicten os diferentes estadios evolutivos polos que pasou toda a cultura humana. Eles crían que cada cultura seguía un único e vasto camiño de cambio evolutivo, apenas con pequenos desvíos. Se os aboríxes australianos usan instrumentos de pedra, entón atópanse precisamente no mesmo estadio de desenvolvemento cultural acadado polo home do paleolítico, centenas de milleiros de anos antes."
G. Basalla, *A evolución da Tecnoloxía,* Porto editora, 2001, p.19

Responde, a partir do texto, ás seguintes cuestións:

1. Como explican Pitt-Rivers e outros antropólogos evolucionistas do século XIX o cambio cultural? Con que nome é coñecida esta teoría?
2. Cres que o primitivo pode ser identificado co prehistórico? (Para responder a esta cuestión, pensa se podemos ter algunha razón para xulgar que os aborixes australianos actuais teñen algunha semellanza coa cultura paleolítica)
3. Que diferenzas podes sinalar entre as novas teorías evolucionistas do cambio cultural (neoevolucionismo multilineal) e a explicación de Pitt- Rivers e os evolucionistas do XIX?
4. Que outras explicacións do cambio cultural coñeces? Con cal estarías intuitivamente máis de acordo? Por que?

ACTIVIDADE 4:

"O concepto de enculturación (…) ocupa unha posición central no punto de vista distintivo da antropoloxía moderna. A incomprensión do papel que desempeña o grupo forma o núcleo do fenómeno que chamamos *etnocentrismo*. O etnocentrismo é a crenza de que as nosas propias pautas de conduta son sempre naturais, boas, fermosas ou importantes, e que os estraños, polo feito de actuar de maneira diferente, viven segundo patróns salvaxes, inhumanos, repugnantes ou irracionais. As persoas intolerantes hacia as deiferenzas culturais, normalmente, ignoran o seguinte feito. Se tiveran sido enculturados no seo de outro grupo, todos estes estilos de vida supostamente salvaxes, inhumanos, repugnantes e irracionais serían agora os seus. O desenmascaramento da falacia do etnocentrismo leva á tolerancia e curiosidade polas diferenzas culturais. Unha vez comprendido o enorme poder que a enculturación exerce sobre toda conduta humana, xa non se pode desprezar racionalmente a aqueles que foron enculturados segundo pautas e prácticas diferentes das nosas"

Marwin Harris, *Introdución á antropoloxía xeral,* Alianza, Madrid, 1985, px. 125

Responde, a partir do texto, ás seguintes cuestións:

1. Que se entende por *etnocentrismo*?
2. Cal é, segundo Marwin Harris, a causa desta actitude? Cales son as consecuencias?
3. É posible superar o etnocentrismo? Como?
4. Que permite o que Marwin Harris sinala como o "desenmascaramento da falacia do etnocentrismo"?
5. A superación do etnocentrismo pode desembocar nun *relativismo cultural*? En que consiste esta postura? Cales son os seus riscos?
6. Existe algunha postura intermedia que permita superar tanto a posición etnocéntrica como as carencias do relativismo cultural? En que consiste?

**SOLUCIONARIO:**

ACTIVIDADE 1:

**1. Cal é a idea principal do texto?**

A cultura proporciónamos "pautas e moldes xa establecidos de acción" por medios non xenéticos, orientando as nosas decisións sobre aquelas cousas que non veñen determinadas por herdanza biolóxica.

**2. Define o concepto "cultura" e explica cal é o seu contido ilustrándoo con exemplos concretos**

Podemos definir cultura como todo aquelo que os humanos somos e facemos, que non ven determinado pola nosa herdanzanda biolóxica. Consiste pois nunca serie de contidos de coñecementos e pautas de conduta transmitidos por aprendizaxe social.

No que respecta ao contido, temos que distinguir entre:

a. Cultura material

- materiais con contido simbólico.
- técnicas (do coidado do corpo, para a adquisición de produtos, para a produción de obxectos e instrumentos, transporte, construción, comercio…)

b. Cultura inmaterial

- institucións: pautas, modelos de conduta con valor normativo (leis, normas morais, normas de uso social).
- ideas (coñecementos, crenzas, valores)

Os alumnos e alumnas deben buscar exemplos, preferentemente na súa propia cultura.

**3.Explica o sentido da seguinte afirmación: "A cultura sustitúe no comportamento humán aos cromosomas"**

A cultura proporciónamos a información que a nosa herdanza biolóxica non nos facilita (como comer, como vestirnos, como viaxar, como despedirnos, etc). Xa que a nosa estructura instintiva non está suficientemente desenvolvida para orientar a nosa conduta, a cultura proporciónanos "pautas e moldes xa establecidos de

acción, listos para ser usados en calquera acordo, que sustitúen á información xenética da que carecemos..

ACTIVIDADE 2:

**1. Que se entende por socialización?**

A socialización é o proceso mediante o cal os individuos pertencentes a uha determinada cultura aprenden e interiorizan as normas, valores, patróns de condcta e modos de percibir a realidade co fin de posibilitar a súa adaptación ao contexto social

**2. Socialización e o mesmo que enculturación?**

Aínda que estamos a empregar ambos termos como sinónimos, algúns autores consideran que cabe distinguir distintas perspectivas: dende a perspectiva sociolóxica, entenderíamos o proceso como destinado á adquisición do rol social, mentras que dende a perspectiva antropolóxica, a socialización sería o proceso que posibilita a enculturación, entendida como adquisición da identidade étnica

**3.Segundo o texto, trátase dun proceso permanente; en que sentidos? É igualmente intenso e consciente en todas as etapas da vida do individuo?**

A socialización é un proceso continuo que abarca todo o ciclo vital, pero é especialmente significativo, e menos consciente, na infancia e na adolescencia.

**4.A aprendizaxe das pautas culturais (normas, imaxes, valores, etc.) nunca é completa dunha xeración a outra? Por que? Cal é a consecuencia?**

Non. As pautas culturais nunca se repiten con exactitude dunha xeración a outra. Prodúcense innovacións debido á varianza no grao de aceptación e interiorización nos individuos ou pola influencia doutras culturas. Estas innovacións son moito máis frecuentes e profundas nas sociedades abertas e máis desenvolvidas dende o punto de vista tecnolóxico. A consecuencia é o cambio cultural.

ACTIVIDADE 3:

**1. Como explican Pitt-Rivers e outros antropólogos evolucionistas do século XIX o cambio cultural? Con que nome é coñecida esta teoría?**

Consideran que as sociedades se desenvolven pasando por unha serie de fases nunha mesma escala evolutiva. Como se indica no texto, "en calquera altura da historia, as diversas sociedades espalladas polo planeta reflicten os diferentes estadios evolutivos polos que pasou toda a cultura humana".

Esta teoría é o "evolucionismo unilineal"

**2. Cres que o primitivo pode ser identificado co prehistórico? (Para responder a esta cuestión, pensa se podemos ter algunha razón para xulgar que os aborixes australianos actuais teñen algunha semellanza coa cultura paleolítica)**

Non. Cada cultura é resultado dun proceso de adaptación a un contexto determinado. Todas as culturas evolucionan, pero non teñen por que facelo da mesma maneira e pasando polas mesmas etapas. Ademáis o nivel de desenvolvemento acadado por unha cultura nun momento histórico determinado non pode xulgarse atendendo a un único criterio, como por exemplo ao desenvolvemento tecnolóxico. Pode ser que o grao de desenvolvemento acadado dos aboríxes australianos sexa superior ao occidental se atendemos, non aos instrumentos que usan senón, por exemplo, ao respecto ao medio ambiente.

3. **Que diferenzas podes sinalar entre as novas teorías evolucionistas do cambio cultural (neoevolucionismo multilineal) e a explicación de Pitt-Rivers e os evolucionistas do XIX?**

Ambas teorías explican o cambio cultural recurrindo ao paradigma evolucionista, pero mentras o evolucionismo unilineal considera, como xa indicamos, que todas as culturas se desenvolven pasando polas mesmas fases nunha mesma escala evolutiva, o neoevolucionismo multilineal admite que todas as culturas evolucionan, pero que non existe unha única liña para o desenvolvemento cultural.

4. **Que outras explicacións do cambio cultural coñeces? Con cal estarías intuitivamente máis de acordo? Por que?**

O difusionismo. Esta teoría explica o cambio cultural polos contactos con outras culturas. Hai dúas corrientes no difusionismo: a da escola británica que propón un único núcleo civilizador (Exipto), e a alemana que admite a existencia de varios núcleos civilizadores.

A resposta á última cuestión queda a criterio dos alumnos e alumnas. Indícase únicamente a necesidade de soster a posición defendida con argumentos pertinentes.

ACTIVIDADE 4:

1. **Que se entende por *etnocentrismo*?**

Poderíamos definilo como a actitude segundo a cal os individuos dunha cultura tenden a xulgar as outras culturas cos criterios da propia, convertíndoa na medida para valorar e xerarquizar as restantes.

Tal como o expón Marwin Harris, "O etnocentrismo é a crenza de que as nosas propias pautas de conduta son sempre naturais, boas, fermosas ou importantes, e que os estraños, polo feito de actuar de maneira diferente, viven según patróns salvaxes, inhumanos, repugnantes ou irracionais".

2. **Cal é, segundo Marwin Harris, a causa desta actitude? Cales son as consecuencias?**

Esa actitude está producida pola ignorancia dun feito elemental: que se tiveramos sido enculturados no seo de outro grupo, todos estes estilos de vida supostamente salvaxes, inhumanos, repugnantes e irracionais serían agora os nosos.

Podemos citar como consecuencias do etnocentrismo:

- Falta de comprensión.
- Radicalización do sentemento de pertenza a un grupo diferente (e superior) aos outros.
- Sentimento de superioridade, que se pode manifestar:

a. nunha actitude paternalista

b. nunha actitude impositiva

En definitiva, como parece desprenderse do texto, o desprezo a aqueles que foron enculturados segundo pautas e prácticas diferentes das nosas

**3. É posible superar o etnocentrismo? Como?**

Si. Decatándonos do feito elemental de que se tiveramos sido enculturados no seo de outro grupo, todos estes estilos de vida supostamente salvaxes, inhumanos, repugnantes e irracionais serían agora os nosos.

**4. Que permite o que Marwin Harris sinala como o "desenmascaramento da falacia do etnocentrismo"?**

O desenmascaramento da falacia do etnocentrismo permite desenvolver a curiosidade e unha actitude tolerante coas diferenzas culturais.

**5. A superación do etnocentrismo pode desembocar nun *relativismo cultural*? En que consiste esta postura? Cales son os seus riscos?**

Na consideración de que os fenómenos culturais dependen do contexto no que se producen. En consecuencia, propón analizar as diferentes culturas dende os seus propios valores e non dende os dunha cultura allea e recomenda mostrarse tolerante cas diferentes expresións culturais.

Os seus riscos poden ser:

- Separación entre culturas (toléranse, pero para preservalas o mellor posible é preferible non mesturalas)
- Parálise cultural (o importante é conservar as tradicións)
- Indiferencia ante a violación de dereitos fundamentais (polo afán de respectar os valores de soutras culturas e de evitar o etnocentrismo)

**6. Existe algunha postura intermedia que permita superar tanto a posición etnocéntrica como as carencias do relativismo cultural? En que consiste?**

O interculturalimo, que parte do respecto ás outras culturas, pero supera o etnocentrismo ao propugnar o encontro entre elas en pe de igualdade. O interculturalismo é a actitude que persegue unha relación de intercambio e convivencia entre as culturas.